



SUMARIO

- [1-5] NOVAS
- [1-3] IGAEM
- [4] Centro Coreográfico Galego
- [4-5] Centro Dramático Galego
- [6-7] AXENDA
- [8-10] ALERTA!
- [10] NOVIDADES EDITORIAIS
- [11-12] E_SCENA EN CIFRAS

A ESCENA GALEGA TEN UNHA NOVA CARTELEIRA NA WEB CULTURAVAI.INFO

O NOVO SITIO DIXITAL RECOLLE TODA A PROGRAMACIÓN DAS REDES DE DISTRIBUCIÓN DE TEATRO E DANZA QUE PROMOVE O IGAEM


UN BUSCADOR POR DIVERSOS FILTROS FACILITA A ENTRADA A MÁIS DUN MILLEIRO DE REFERENCIAS SOBRE ESPECTÁCULOS, COMPAÑÍAS E ESPAZOS

Podes navegar por **e_scena** premendo nas entradas de sumario, no símbolo «e_scena», enderezos de internet e nos nomes dalgunos organismos.

www.culturavai.info

A escena galega conta cun novo sitio en internet a través da páxina web www.culturavai.info, unha nova plataforma dixital desde a que o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) vén poñer a disposición do público todo o calendario das funcións programadas dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas. A páxina, primeira visualización dun proxecto máis amplo que aspira a se converter no portal de referencia de toda a programación cultural do país, nace co posicionamento das programacións das devanditas redes de distribución escénica que promove o IGAEM xunto a máis de 40 concellos e entidades galegas, o que supón facilitar información semestral de máis de 800 representacións mediante un milleiro de entradas ás imaxes e referencias descritivas das compañías, espectáculos e espazos que compoñen esta carteleira.

[continúa na pantalla seguinte]





[vén da pantalla anterior]

Culturavai.info é a versión aberta ao público da intranet galeasca.info, o panel dixital de control compartido polo IGAEM cos socios das redes e as máis de dúascentas compañías artísticas, desde o que se realizan as contratacións para cada xénero (teatro de actor, teatro de monicreques, danza, música de cámara e maxia), se pechan e -no seu caso- se modifican os calendarios de cada un dos máis de 50 espazos escénicos participantes. Esta circunstancia garante aos espectadores a información actualizada ao minuto sobre posibles cambios de programación, ademais de transmitir os datos e fotografías das montaxes proporcionados polas propias compañías.

A PARTIR DE GALESCENA

Na súa configuración, culturavai.info -que cumpre con todos os cánones de accesibilidade e usabilidade- adopta o modo de axenda, que permite acceder á información mediante filtros xeográficos, temáticos, por espectá-

culos e por datas, ademais de permitir un buscador avanzado para os casos non prefigurados. Dispón tamén dun menú de navegación que facilita atopar as publicacións e documentos específicos en relación coa RGTA e a RGS, así como unha galería fotográfica con imaxes en alta resolución de todos os espectáculos.

Os usuarios teñen así mesmo a posibilidade de se subscribir para recibir periodicamente a axenda de espectáculos, así como plasmar as súas cualificacións sobre as montaxes mediante unha votación. A cifra media do resultado de todas as valoracións rexistradas amósase na web nunha escala de 1 a 5 estrelas, a xeito de posible orientación útil para futuros espectadores.

Ademais da ampliación de contidos de culturavai.info con outras áreas artísticas, está previsto que nun futuro próximo a sección escénica poida incluír a programación completa de todos os teatros e auditorios galegos, así como novos servizos-e, como a bileteira electrónica ou a posibilidade de visionar fragmentos en video dos espectáculos.

<http://www.culturavai.info/>

27 DE MARZO, DÍA MUNDIAL DO TEATRO

O Día Mundial do Teatro creouse en 1961 polo Instituto Internacional do Teatro (ITI), organización non gubernamental dependente da UNESCO con sede en París. Celébrase anualmente o 27 de marzo e unha das súas iniciativas é a circulación da Mensaxe Internacional, que este ano asina o director canadiano Robert Lepage.

Existen numerosas hipóteses sobre as orixes do teatro, pero a que máis me chama ten forma de fábula:

Unha noite, en tempos inmemoriais, un grupo de homes reuniuse nunha canteira para se quentar arredor do lume e contar historias. De súpeto, un deles tivo a idea de se erguer e utilizar a súa sombra para ilustrar o seu conto. Usando a luz das lapas fixo aparecer personaxes inmensos sobre os muros da canteira. Os outros, abraiados, recoñeceron un por un o forte e o débil, o opresor e o oprimido, o deus e o mortal.

Hoxe en día, a luz dos proxectores substituíu o lume orixinal, e a maquinaria escénica, os muros da canteira. E aínda que lles pese a algúns puristas, esta fábula lémbra-nos que a tecnoloxía está na mesma orixe do teatro e que non deba ser percibida como unha ameaza, senón como un elemento unificador.

A supervivencia da arte dramática depende da súa capacidade de se reinventar asumindo as novas ferramentas e as novas linguaxes. Se non, como podería o teatro seguir sendo testemuña dos grandes feitos da súa época e promover o entendemento entre os pobos, se el mesmo non dá probas de apertura? Como podería xactarse de ofrecer solucións aos problemas de intolerancia, de exclusión e de racismo se, na súa mesma práctica, se resiste a toda mestizaxe e integración.

Para representar o mundo en toda a súa complexidade, o artista debe propor formas e ideas novas e confiar na intelixencia do espectador, capaz de distinguir a silueta da humanidade neste xogo perpetuo de luces e sombras.

E é certo que de tanto xogar con lume, o home corre o risco de queimarse, pero ten tamén a posibilidade de abraiar e iluminar.

Robert Lepage

UN TOTAL DE 79 PROXECTOS OPTAN ÁS AXUDAS DO IGAEM Á ACTIVIDADE ESCÉNICA

Un total de 79 propostas de teatro de actor e monicreques, danza e maxia optan este ano ás axudas do IGAEM á actividade escénica, dentro da modalidade A da convocatoria xeral de subvencións ao sector escénico e musical 2008 destinada tanto á produción e distribución de novos espectáculos (axudas anuais) como á continuidade da actividade (bianuais). Por subcategorías, 27 destes proxectos corresponden ao apartado de nova creación, 33 a teatro de actor e monicreques, 11 a danza e 8 a maxia.

Estas solicitudes, presentadas por compañías e/ou artistas profesionais galegos, súmanse ás 117 recibidas até o momento para o resto de modalidades de axudas ao sector: 2 para o Crédito Cultura (B), 57 para distribución (C), 34 para dotacións e investimentos para a Rede Galega de Teatros e Auditorios (D), 7 de salas de teatro e artes escénicas de titularidade privada (E), 12 para o asociacionismo profesional no ámbito das artes escénicas e musicais (F) e 5 para formación especializada (G). O pasado 15 de febreiro rematou o prazo de solicitude na meirande parte delas, agás en determinados supostos das categorías B, C e G.

Así mesmo, o Consello Reitor do IGAEM aprobou na súa reunión do 28 de febreiro as primeiras adxudicacións nas modalidades B, C1, C2 e C4, que poden ser consultadas na web www.igaem.xunta.es.



A REDE DE MÚSICA AO VIVO TERÁ A SÚA PROPIA REVISTA DE DIFUSIÓN

A Rede Galega de Música ao Vivo, organizada polo IGAEM e a asociación Clubtura, contará, a partir deste mes de marzo, cunha nova revista para a difusión de toda a súa actividade, cifrada en case 600 concertos de 80 grupos e solistas galegos de todos os estilos musicais que se desenvolven anualmente en salas, cafés concerto e pubs de toda Galicia.

Xosé Manuel Budiño e Xosé López (FOTO: JANITE)



Baixo a cabeceira de *Ao vivo música* e cunha periodicidade semestral, a publicación, que verá a luz a finais deste mes e se distribuirá de xeito gratuito por todos os locais asociados a este circuito, nace coa dobre finalidade de comunicar ao público potencial a actividade de recitais da RGMV, así como servir de canle de promoción aos grupos e artistas participantes na programación e á música galega en xeral.

A formación viguesa The Blows e o seu disco *Upskirts* ocupan a portada do primeiro número de *Ao vivo música*, dando paso a máis de 30 páxinas nas que aparecen, entre outros contidos, reportaxes e entrevistas sobre a colaboración musical entre Xosé Manuel Budiño e Xosé López (Deluxe), as bandas galegas de metal rock, o funk de Cornelius ou a internacionalización da música galega.



GUILLERMO HERAS PRESENTARÁ EN SANTIAGO O PROGRAMA IBERESCENA

Guillermo Heras Toledo, coordinador da Unidade Técnica de Iberescena, presentará o próximo 31 de marzo en Santiago de Compostela a convocatoria 2009 deste fondo de axudas financeiras para o fomento, intercambio e integración da actividade escénica iberoamericana. O acto de presentación -que contará tamén coa asistencia do xerente do IGAEM, Miguel Martín- terá lugar no Clube Internacional de Prensa (Avda. da Coruña, 6) e estará dirixido aos profesionais do sector escénico galego.

O fondo Iberescena foi creado en 2006 e está actualmente ratificado por oito países que o financian (Argentina, Colombia, Chile, España, México, Perú, República Dominicana e Venezuela) e concentra a súa actuación sobre cinco programas de axuda: circulación a través de redes, festivos e espazos escénicos; coprodución de espectáculos entre empresas, grupos e compañías públicas e privadas dos países asinantes; apoio á autoría escénica iberoamericana; formación, con especial énfase na produción e xestión das artes escénicas; e difusión a través do portal dixital iberescena.org.





«KIOSCO DAS ALMAS PERDIDAS» REALIZARÁ ACTIVIDADES PEDAGÓ- XICAS CANDA A SÚA XIRA GALEGA

O Centro Coreográfico Galego vén de estrear o pasado venres 29 de febreiro no Teatro Rosalía Castro da Coruña a produción *Kiosco das almas perdidas* dirixida polo coreógrafo Roberto Oliván. En paralelo á xira do espectáculo, que se prolongará até finais de xullo por distintas localidades galegas (Vigo, Pontevedra, Santiago, Narón, Tui, Ferrol, Ourense, Carballo) e de fóra de Galiza (Xixón, Cádiz, Reus, Sevilla, Málaga, Viseu, Ponferrada, Barcelona) levarase a cabo unha serie de accións formativas orientadas á divulgación da danza entre o público galego

Con estas accións, que se desenvolven en colaboración cos concellos nos que teñen lugar as funcións, preténdese ofrecer ao público non especializado os códigos para unha mellor comprensión da danza contemporánea, posibilitando un achegamento puntual á peza programada e proponendo un vocabulario básico que permita comunicarse co imaxinario creativo de Roberto Oliván.

Impártenas profesionais da danza en activo que coñecen as características socioculturais do concello no que se realiza a actividade, ofrecendo así un programa específico para cada cidade. Con esta iniciativa, o Centro Coreográfico Galego pretende ofrecer aos cidadáns unha base educativa que provoque o nacemento de novos espectadores afeccionados á danza contemporánea en toda Galiza.

APROBADOS SETE PROXECTOS PARA O PROGRAMA 2008 DE «ARTISTAS EN RESIDENCIA»

O CCG fixo pública a resolución do programa «Artistas en residencia», para o que quedaron seleccionados un total de 7 proxectos entre os máis dos 80 presentados á segunda edición desta convocatoria anual. Os títulos e responsables dos proxectos son, respectivamente: *90 dB* de Bárbara Bañuelos, *La danza del cisne* de Iker Gómez, *Subidón, saldos de un bazar familiar* de Félix Fernández, *Some things happen all at once* de Rosa Casado, *Alicia en Grussis Project* de Estela LLores e Tania Winogradov, *Casualidances... desencontros* de An-

tón Coucheiro e *Play* de Francisco de Borja Fernández.

Con esta programa o Centro Coreográfico Galego quere apoiar a creación a través da danza ofrecéndolle aos artistas un espazo para a experimentación e a presentación das súas propostas, favorecendo a investigación no sector da danza e o diálogo con outras linguaxes artísticas.

«Artistas en residencia» comezou a súa andaina na anterior temporada 2006-2007, na que resultaron beneficiados dous proxectos xa desenvolvidos: *Arder nun hotel*, de Uxía P. Vaello, como residencia de creación; e *A arándara*, de Henrique Peón e Mercé de Rande, como residencia de investigación.

O CCG INCORPORA CURSOS DE MEDIACIÓN CULTURAL AO SEU NOVO PROGRAMA FORMATIVO

O Centro Coreográfico Galego continúa co programa de formación iniciado na pasada temporada como apoio aos profesionais do ámbito da danza e doutras artes do movemento, e abre en 2008 un novo ciclo no que diversifica a súa oferta cara aos sectores de xestión e mediación cultural, co obxectivo de ofrecer ferramentas que permitan enfrontar a xestión de proxectos de danza con novos medios e recursos enfocados preferentemente ao traballo cos públicos.

No tocante á formación dirixida a bailaríns, realizarase unha clase maixstral de ballet clásico con Christiane Marchant o 7 de marzo e dous cursos de danza contemporánea –un impartido por Ángels Margarit, do 10 ao 13 de marzo; e outro de técnica

release a cargo de Lipi Hernández, que se realizará do 5 ao 9 e do 12 ao 16 de maio–. Ademais destes cursos intensivos, durante o ano haberá clases regulares de pilates con Ana Belén Duro Fernández e de ioga con Erick Jiménez Vindas.

Como novidade, este ano o Centro Coreográfico Galego inicia a súa actividade formativa na mediación cultural con actividades dirixidas a aquelas persoas que establecen canles de comunicación entre os públicos e os artistas, tales como programadores, xestores culturais ou mestres. Do 30 de maio ao 1 de xuño terá lugar o obradoiro *A danza como recurso para o traballo con persoas de necesidades educativas especiais*, impartido por Laura Rodríguez, de Llauder Ubeira; en tanto que do 30 de xuño ao 4 de xullo programárase un curso de *Psicodanza* impartido por Carmela Bueno Capeáns e Alejandra Beiras Bastida. A través destes cursos móstrase a danza como unha ferramenta na superación das barreiras comunicativas e de socialización.

Dirixidos aos programadores desenvolveranse dous cursos, que partindo do exemplo de centros culturais de referencia internacional, ofrecerán claves para a programación da danza. Así, do 4 ao 6 de abril, Mehdí Idir (axudante de director nas tarefas de programación de espectáculos do Parc et Grande Halle de la Villette de París) e Olga Mesa impartirán o curso *As novas relacións cos públicos*. O 24 de maio terá lugar a xornada *Ferramentas para programar a danza*, na que intervirán profesionais tan destacados como Toni Jodar, Beatriz Daniel, David Márquez, Manel Rodríguez ou Agustín Lorenzo.

COMEZARON OS ENSAIOS DE «ESTIGMA», RESULTADO DO PROXECTO DRAMA3

O pasado 3 de marzo principiaron no Salón Teatro os ensaios que darán a luz o espectáculo *Estigma*, resultado do proxecto de dramaturxia residente Drama3, iniciado no verán de 2007 como exercicio de escrita a tres bandas a cargo dos autores Jacobo Paz, Vanesa Sotelo e Rubén Ruibal, último Premio Nacional de Literatura Dramática. Dani Salgado, coordinador do proceso de escrita, exercerá agora como director escénico de *Estigma*, para o que comezou o traballo cun reparto para cinco actores: María Tassende Cotelo, Clara Gayo, Xosé Manuel Esperante, Xavier Deive e Vicente de Souza.

Estigma, que se estreará o próximo 2 de maio no Salón Teatro, sitúa a acción nunha illa case deserta na que, trala erupción dun volcán, unha muller investiga unha masacre, dous irmáns enfrontan o destino que levan marcado na pel, unhas voces do pasado interfírense no presente dunha parella e, baixo a sombra dunha figueira, aparece un descoñecido. Morte, terra e memoria son os elementos que guían esta nova proposta do CDG nunha peza chea de suspense.

Outros membros do equipo artístico que están tamén a traballar na montaxe do espectáculo son Joan Galí (deseño de espazo escénico, vestiario e atrezzo), Baltasar Patiño (deseño de iluminación), Dolores Centeno (maquillaxe), Alex Rademakers e Francesc Sitges (audiovisual e espazo sonoro) ou Andreu Raich (movemento escénico).

A INTERPRETACIÓN EN "O REGRESO AO DESERTO" VÁLELLE A LUISA MERELAS O PREMIO MARUXA VILLANUEVA

Luísa Merelas resultou gañadora do VII Premio de Interpretación Teatral Maruxa Villanueva, que convoca anualmente o Concello de Padrón, ao resultar recoñecida polo xurado como «muller de mulleres pola súa calidade e traxectoria profesional (...), por formar parte da meirande parte dos eventos do teatro independente e polo seu espectáculo do último ano *O regreso ao deserto*, do Centro Dramático Galego».

Actriz de teatro, cine e televisión, Luísa Merelas posúe unha recoñecida traxectoria profesional que principiou nos anos setenta xunto ás compañías Teatro Circo e Escola Dramática Galega. O monólogo *Muller de mulleres*, título ao que fai referencia o ditame do xurado, foi precisamente unha das súas primeiras actuacións remuneradas.

En *O regreso ao deserto*, espectáculo producido polo CDG na temporada 2006-2007 con dirección de Cristina Domínguez, Merelas interpretou un dos papeis protagonistas: *Martilde*, que tras 15 anos de exilio en Alxeria, regresa cos seus dous fillos á súa vila natal con intención de vingarse da súa familia e da sociedade burguesa e provinciana que a

rodea por un pasado de agravios e inxustizas.

Ademais de en *O regreso ao deserto*, Merelas ten traballado noutras sete producións do CDG -*Caderno de Bitácora* (1985), *As tres irmás* (1987), *A casa dos afogados* (1989), *Valle-Inclán 98* (1998), *Os vellos no deben de namorarse* (1999), *Espectros* (2002) e *Ricardo III* (2005)- e en diferentes espectáculos de Teatro do Morcego, Teatro do Atlántico, Teatro da Salamántiga, EDG-Uvegá, Librescena, Espello Cóncavo, Ancora Producións e a Companhia de Teatro de Braga, así como en distintos filmes.



QUICO CADAVAL DIRIXE A ADAPTACIÓN DAS OBRAS FINALISTAS DO II PREMIO DE TEATRO RADIOFÓNICO

O actor e director teatral Quico Cadaval dirixirá a adaptación radiofónica das catro obras finalistas do II Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico, que se corresponden cos títulos *Ola Silvia, ¿estás aí?*, *Último capítulo*, *O mal da vaca* e *Sal-timbanqui*.

O CDG colabora con este premio mediante a súa aportación na coordinación no proceso de dramatización das obras presentadas, que, ademais da dirección de Cadaval, contará coa

interpretación dun elenco de actores e actrices galegos.

Un total de 27 obras presentáronse a esta segunda edición do Premio de Teatro Radiofónico organizado polo programa Diario Cultural da Radio Galega e o CDG, co patrocinio da Consellería de Cultura. O galardón pretende fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio, facilitar o diálogo entre a dramaturxia contemporánea e o medio radiofónico, divulgar a escrita teatral galega e contribuír á recuperación desde unha perspectiva contemporánea do xénero de teatro radiofónico.

O premio é de 3.000 euros para cada unha das súas dúas modalidades (premio do xurado e premio do público). As obras finalistas emitiránse durante o mes de marzo na programación da Radio Galega e publicaranse ademais nun libro-CD.

«VALDEMULLER» CHEGA A SANTIAGO CONVIDANDO A PARTICIPAR NUN XOGO DE ROL

O CDG continúa en marzo coa xira de *Valdemuller*, espectáculo co que desenvolve este mes funcións en Pontevedra, Carballo e Santiago. Na capital de Galiza, a última produción da compañía pública permanecerá no Salón Teatro con funcións, tanto escolares como para público familiar, do 26 de marzo ao 20 de abril e desenvolverá un xogo de rol de busca e mis-





terio como parte da difusión do espectáculo dun xeito novedoso e divertido entre o público adolescente, ao que vai especialmente destinada a montaxe.

Para participar no xogo, que leva por título *O misterio de Valdemuller*, rapaces e rapazas de entre 10 e 14 anos divididos en grupos, terán que seguir distintos sinais durante 60 minutos, dentro e fóra do teatro, até chegar a Valdemuller no momento en que principia a escenificación. As pistas sobre as que traballarán os xogadores terán que ver coa lectura, resolución de criptogramas, probas de equipo (algunhas relacionadas coas ferramentas das artes escénicas: maquillaxe, canto, descubrimento corporal...).

Dirixida por Pablo Vergne, *Valdemuller* conta cun equipo artístico integrado polas actrices-manipuladoras galegas Alba Grande, Montse Piñón, Raquel Queizás e Manuela Varela, ademais de María de la Iglesia (espazo escénico e vestiario das actrices), Mari Carmen Pérez Pastor e Gador Enríquez (vestiario dos monecos), Octavio Mas (iluminación) e María Eugenia Romero Baamonde (axudante de dirección).

Ricardo Vergne, Gustavo Brito, Javier Gallego e Bernardo Rodríguez foron os encargados de realizar os 17 bonecos de case 60 centímetros de altura construídos en látex, goma espuma e poliuretano sobre unha estrutura interna de madeira, PVC e aluminio.

01 SÁBADO	Cuarta Pared <i>Rebeldías posibles</i> A Coruña 20.30 h FORUM METROPOLITANO	Mofa e Befa <i>Sempre ao lonxe</i> Ferrol 20.30 h TEATRO JOFRE	Teatro de Ningures <i>Emigrados</i> Oleiros 20.30 h AUDITORIO GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ	Talía Teatro <i>Menos lobos</i> A Coruña 19.00 h TEATRO DEL ANDAMIO	Nut Teatro <i>A mirada de Pier</i> Santiago 22.00 h SALA NASA	CCG <i>Kiosco das almas perdidas</i> A Coruña 20.30 h TEATRO ROSALÍA CASTRO		Voadora <i>PeriFeria</i> 20.30 h
02 DOMINGO	Cuarta Pared <i>Rebeldías posibles</i> A Coruña 19.00 h FORUM METROPOLITANO	Títeres Trompicallo <i>Bolboretta</i> Cedeira 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Espello Cóncavo <i>Zardigot</i> San Sadurniño 19.30 h CENTRO SOCIOCULTURAL	Talía Teatro <i>Menos lobos</i> A Coruña 12.00 h TEATRO DEL ANDAMIO	Talía Teatro <i>Menos lobos</i> A Coruña 19.00 h TEATRO DEL ANDAMIO	CCG <i>Kiosco das almas perdidas</i> A Coruña 19.00 h TEATRO ROSALÍA CASTRO		Voadora <i>PeriFeria</i> 18.00 h
05 MÉRCORES								CDG <i>Valdemuller</i> Pontevedra 21.00 h PAZO DA CULTURA
06 XOVES	Talía Teatro <i>O merlo branco</i> A Coruña 12.00 h							CDG <i>Valdemuller</i> Pontevedra 11.00 h PAZO DA CULTURA Función escolar
07 VENRES	Talía Teatro <i>O merlo branco</i> A Coruña 12.00 h	Disque Danza <i>Menú vexetal (dáme verde)</i> Boiro 20.00 h CASA DA CULTURA RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ	Fulano, Mengano e Citano <i>Arte</i> Carballo 21.00 h PAZO DA CULTURA	La Imagina Machina <i>Ubú Rei</i> Muros 22.00 h CENTRO CULTURAL E XUVENIL	Teatro do Morcego <i>O club da calceta</i> Narón 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL	CCG <i>Kiosco das almas perdidas</i> Vigo 20.30 h CENTRO CULTURAL CAIXANOVA	Teatro Lope de Vigo <i>Ide todos ao inferno</i> Noia 22.00 h TEATRO COLISEO NOELA	Títeres Cachirulo <i>Do, re, mi, Mozart xoga aquí</i> Sada 18.00 h CASA DA CULTURA PINTOR LLORÉNS
08 SÁBADO	Talía Teatro <i>O merlo branco</i> A Coruña 19.00 h FORUM METROPOLITANO	Decamerón e Cía. <i>O xuízo da adúltera Filipa</i> Ferrol 20.30 h CENTRO CULTURAL TORRENTE BALLESTER	Teatro do Morcego <i>O club da calceta</i> Narón 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL	40 Pasos <i>O ridículo</i> <i>desamor dun home máis ou menos normal</i> Oleiros 20.30 h AUDITORIO GARCÍA MÁRQUEZ	Cía La Sonrisa del Lagarto <i>Adiós cordera</i> A Coruña 19.00 h TEATRO DEL ANDAMIO	CCG <i>Kiosco das almas perdidas</i> Vigo 20.30 h CENTRO CULTURAL CAIXANOVA		Baby Dee e O Fillo Pausado <i>Festival Sinsal.</i> <i>Extensión Santiago</i> 22.00 h
09 DOMINGO	Quinteto de vento metal Santa Cecilia <i>Concerto de vento metal</i> Cedeira 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Cía La Sonrisa del Lagarto <i>Adiós cordera</i> A Coruña 12.00 h TEATRO DEL ANDAMIO	Cía La Sonrisa del Lagarto <i>Adiós cordera</i> A Coruña 19.00 h TEATRO DEL ANDAMIO					
11 MARTES								CDG <i>Valdemuller</i> Carballo 10.00 h PAZO DA CULTURA
13 XOVES	Pistacatro Productora de Soños <i>Kamikaze</i> A Coruña 20.30 h TEATRO ROSALÍA CASTRO					CCG <i>Kiosco das almas perdidas</i> Pontevedra 21.00 h PAZO DA CULTURA		Uróc Teatro <i>Ados@dos</i> 20.30 h
14 VENRES	Teatro de Ningures <i>Emigrados</i> Boiro 21.00 h CASA DA CULTURA RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ							Uróc Teatro <i>Ados@dos</i> 20.30 h
15 SÁBADO	Teatro do Morcego <i>O club da calceta</i> Oleiros 20.30 h AUDITORIO GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ	Bacana <i>Hendaya mon amour</i> Ortigueira 20.30 h TEATRO DA BENEFICENCIA	Talía Teatro <i>O merlo branco</i> Burela 18.00 h CASA DA CULTURA	Tarambana <i>Gaia</i> A Coruña 19.00 h TEATRO DEL ANDAMIO		CCG <i>Kiosco das almas perdidas</i> Vilagarcía 21.00 h AUDITORIO MUNICIPAL		
16 DOMINGO	Artello Teatro alla Scala 1:5 <i>Unha de amor</i> Ames 17.00 h CASA DA CULTURA DO MILLADOIRO	Luis Boyano <i>Con todo corazón</i> Carballo 18.00 h PAZO DA CULTURA	Dúo Dürichen-Permyu <i>Violín e piano</i> Cedeira 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Fulano, Mengano e Citano <i>Arte</i> San Sadurniño 19.30 h CENTRO SOCIOCULTURAL	Tarambana <i>Gaia</i> A Coruña 12.00 h TEATRO DEL ANDAMIO	Tarambana <i>Gaia</i> A Coruña 19.00 h TEATRO DEL ANDAMIO		

18 MARTES	Galitoon Golulá Ferrol 18.30 h TEATRO JOFRE					18 MARTES		
20 XOVES				 CCG Kiosco das almas perdidas Xixón 20.30 h LABORAL ESCENA CCG Kiosco das almas perdidas Xixón 20.30 h LABORAL ESCENA		20 XOVES		
21 VENRES		21 VENRES						
22 SÁBADO		22 SÁBADO						
23 DOMINGO	Disque Danza Menú vexetal (dáme verde) A Coruña 17.30 h TEATRO ROSALÍA CASTRO					23 DOMINGO		
26 MÉRCORES					SALÓN TEATRO SANTIAGO DE COMPOSTELA CDG Valdemuller Santiago 11.00 h SALÓN TEATRO Función escolar CDG Valdemuller Santiago 11.00 h SALÓN TEATRO Función escolar CDG Valdemuller Santiago 11.00 h SALÓN TEATRO Función escolar	26 MÉRCORES		
27 XOVES	Teatro Galileo O avaro Santiago 21.00 h TEATRO PRINCIPAL			27 XOVES				
28 VENRES	Sarabela Teatro Margar no pazo do tempo A Coruña 20.30 h TEATRO ROSALÍA CASTRO	Teatro de Ninguens Emigrados Ames 21.00 h CASA DA CULTURA DE BERTAMIRÁNS	Artello Teatro alla Scala 1:5 Unha de amor As Pontes 18.00 h CINE ALOVI	Bacana Hendaya mon amour Boiro 21.00 h Casa da Cultura Ramón Martínez López		Javier Muro Maxilusión Culleredo 19.00 h EDIFICIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES	28 VENRES	
29 SÁBADO	Cyrille Sinclair de Magia a la carta Divertilandia A Coruña 19.00 h FORUM METROPOLITANO	Sarabela Teatro Margar no pazo do tempo A Coruña 20.30 h TEATRO ROSALÍA CASTRO	Títeres Trompicallo Bolboreta Muros 18.30 h CENTRO CULTURAL E XUVENIL	Talía Teatro Anfitrión. E ti quen vés sendo? Narón 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL	Caramuxo Teatro S. C. Historia dunha semente A Coruña 19.00 h TEATRO DEL ANDAMIO	CCG Kiosco das almas perdidas Santiago 21.00 h AUDITORIO DE GALICIA	SALÓN TEATRO SANTIAGO DE COMPOSTELA CDG Valdemuller Santiago 18.00 h SALÓN TEATRO	29 SÁBADO
	30 DOMINGO	Migallas Teatro Un avó especial Ames 17.00 h CASA DA CULTURA DE BERTAMIRÁNS	Tanxarina Títeres Sombreiros sen chapeu Carballo PAZO DA CULTURA	Teatro del Andamio A lingua das bolboretas Cedeira 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Caramuxo Teatro S. C. Historia dunha semente A Coruña 12.00 h TEATRO DEL ANDAMIO	Caramuxo Teatro S. C. Historia dunha semente A Coruña 19.00 h TEATRO DEL ANDAMIO		CCG Kiosco das almas perdidas Santiago 21.00 h AUDITORIO DE GALICIA

1. CONVOCATORIAS IGAEM

Convocatoria	Contido	Dirixido	Data límite
Subvencións ao sector escénico e musical 2008 (DOG nº 9, de 14 de xaneiro de 2008)	B. Programa Crédito-Cultura	Sociedades mercantís dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución no ámbito das artes escénicas e musicais, con domicilio ou sede social en Galiza.	31 de outubro*
	C. Distribución: C.1. Distribución exterior dos espectáculos de artes escénicas e musicais C.2. Asistencia a feiras e outras plataformas de exhibición musical	Persoas físicas e/ou xurídicas dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de espectáculos de artes escénicas ou musicais, con domicilio ou sede social en Galiza. Sociedades mercantís dedicadas á actividade de produción e distribución de espectáculos de música, con domicilio ou sede social en Galiza.	31 de outubro**
	G. Formación especializada	Persoas físicas maiores de 18 anos que teñan a súa residencia ou lugar de traballo en Galiza e estean vinculadas á actividade de produción e distribución profesional de artes escénicas e musicais.	En todo caso, antes do 15 de outubro
CCG. Obradoiro de mediación cultural: As novas relacións cos públicos	Medhi Idir, axudante de dirección na programación de espectáculos do Parc et Grande Halle de la Villette de París, e a creadora Olga Mesa imparten este taller gratuito do 4 ao 6 de abril na Sala Nasa e no Salón Teatro de Compostela.	25 prazos para profesionais en relación con públicos, estruturas culturais, etc. (profesores/as, programadores/as, animadores/as culturais...) / Máis información e inscrición: Centro Coreográfico Galego. Tel. 981 134 946. Correo-e: formacion.ccg@xunta.es	28 de marzo
Serie de partituras "Agra Nova"	Recepción de partituras para o proceso de selección de obras que integrarán "Agra Nova", a serie dedicada a compositores/as actuais da colección Ars Gallaeciae Musicae que o IGAEM coedita con Dos Acordes.	Compositores/as galegos/as actuais, que han de enviar os seus traballos ao IGAEM (como máximo, tres por autor) mediante a achega de 4 copias impresas, comentario ou sinopse da obra, currículo e datos de contacto do autor/a, así como gravación ou documento midi da obra en caso de dispoñer dela.	31 de marzo
Serie de partituras "Ávrego"	Recepción de partituras para o proceso de selección de obras que integrarán "Ávrego" (antes "Ventos de Galicia"), serie da colección Ars Gallaeciae Musicae que o IGAEM, en colaboración coa Federación Galega de Bandas de Música Populares, abre á edición de obras de música para banda de compositores/as actuais.	Compositores/as galegos/as actuais, que han de enviar os seus traballos á Federación Galega de Bandas de Música Populares (como máximo, tres por autor) mediante a achega de 2 copias impresas, comentario ou sinopse da obra, currículo e datos de contacto do autor/a.	31 de marzo
EAEM. Curso de trompa natural	Jorge Rentería imparte este encontro do 14 ao 18 de abril na Escola de Altos Estudos Musicais, en Compostela, dedicando unha xornada teórica á historia, evolución e fundamentos técnicos deste instrumento, e catro a exercicios técnicos.	Estudantes e profesionais da trompa que teñan interese en aprofundar no coñecemento da trompa natural. Máis información: EAEM. Tel: 981 554 222. Correo-e: eaem@xunta.es	9 de abril

* Un mes dende a formalización dos créditos ou préstamos obxecto de subsidiación e, en todo caso, con anterioridade ao 31 de outubro. Para os préstamos formalizados antes da publicación desta resolución, o prazo rematou 15 de febreiro.

** Para os espectáculos distribuídos entre o 16 de novembro de 2007 e o 14 de xaneiro de 2008, o prazo finalizou o 15 de febreiro.

[...] CONVOCATORIAS IGAEM

Convocatoria	Contido	Dirixido	Data límite
Selección de alumnos para a EAEM	Probas de admisión de alumnado para a promoción 2008/2010 da Sección de Especialización da Escola de Altos Estudos Musicais nas especialidades de violín, viola, violonchelo, contrabaixo, óboe, frauta, clarinete, fagot, trompa, trompeta, percusión e trombón.	Músicos galegos ou residentes en Galiza, menores de 25 anos, que estean en posesión do título de Grao Superior de Conservatorio e os que acrediten, a xuízo do tribunal, un nivel suficiente no dominio instrumental.	29 de abril
Premios á creación literaria no eido dramático (a convocatoria publicarase proximamente no DOG)	XVII Premio Álvaro Cunqueiro de Textos Teatrais (dotación económica: 6.000 €) III Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil (dotación económica: 6.000 €) VI Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques. 2 modalidades: rapaces e adultos (dotación económica: 6.000 € por modalidade)	Textos teatrais inéditos escritos en galego conforme á normativa vixente, non representados nin premiados noutros concursos. Textos teatrais inéditos dirixidos a público infantil escritos en galego conforme á normativa vixente, non representados nin premiados noutros concursos. Textos para teatro de monicreques inéditos, escritos en galego conforme á normativa vixente, non representados nin premiados noutros concursos.	30 de maio
Coproducións CCG 2008-2009	Selección dun mínimo de un e un máximo de tres proxectos de danza, que o Centro Coreográfico Galego coproducirá na temporada 2008-2009. Os criterios de selección centraranse na calidade e interese artísticos dos proxectos, no seu impacto canto á innovación e incorporación de diferentes disciplinas e linguaxes artísticas, e na súa xestión.	Compañías, colectivos ou creadores/as profesionais galegos/as, e de fóra de Galiza que colaboren con artistas galegos. Máis información: Centro Coreográfico Galego. Tel. 981 134 946. Correo-e: formacion.ccg@xunta.es	31 de maio
Coproducións CDG 2008-2009	Selección dos dous proxectos (un dirixido ao público infantil e outro ao adulto), que o CDG coproducirá na vindeira temporada. Ámbolos dous implicarán o uso dunha linguaxe escénica contemporánea e serán seleccionados en función da súa calidade e interese artísticos, do seu impacto canto á innovación e incorporación de diferentes disciplinas e linguaxes artísticas, e da súa xestión.	Compañías, colectivos ou creadores/as profesionais galegos/as ou con domicilio habitual en Galiza. Máis información no tel. do CDG 981 581 111	Aberta a recepción de proxectos

2. OUTRAS CONVOCATORIAS

Obxecto	Contido	Dirixido	Data límite
Cursos do programa de formación Fundación Autor (SGAE)	A nova Sede Noroeste da SGAE en Compostela acollerá proximamente os seguintes cursos: Iniciación á propiedade intelectual (27 e 28 de marzo) Os contratos da música (4 abril)	Información e inscrición: SGAE. Tel. 981 56 91 78 (ext. 2178) E-mail: kdominguez@sgae.es Autores/as e artistas, profesionais da cultura, estudantes, etc. interesados/as en coñecer o funcionamento da propiedade intelectual. Profesionais que traballen con contratos no ámbito musical (autores/as e artistas, <i>managers</i>, discográficas, editoriais, etc.)	Admítense solicitudes até completar o aforo para cada curso


[...] OUTRAS CONVOCATORIAS

Obxecto	Contido	Dirixido	Data límite
Cursos do programa de formación Fundación Autor (SGAE)	Os contratos do audiovisual (11 abril)	Profesionais que traballen con contratos no ámbito do audiovisual (autores/as e artistas, produtoras, etc.)	Admítense solicitudes até completar o aforo para cada curso
	Os contratos das artes escénicas (18 abril)	Profesionais que traballen con contratos no ámbito das artes escénicas (autores/as e intérpretes, produtoras, etc.)	
	Curso práctico de guión de ficción para televisión (21-25 abril)	Prioritariamente guionistas (profesionais ou non), pero tamén creativos/as e produtores/as de televisión.	
Convocatorias Iberescena 2009	O Fondo Iberoamericano de Axuda Iberescena abre o prazo de presentación de catro novas convocatorias:	Máis información en www.iberescena.org	18 de xullo
	Escritura dramática e coreográfica	Autores/as e coreógrafos/as profesionais dos países membros de Iberescena.	
	Formación en produción e xestión para os profesionais das artes escénicas iberoamericanas	Centros públicos de produción, compañías independentes, empresas privadas de produción e/ou xestión, universidades e centro de formación, organizacións ou asociacións relacionadas co sector, ámbitos profesionais independentes.	
	Circulación de espectáculos	Circuítos, redes de distribución, festivais e espazos escénicos que cumpran os requisitos esixidos.	
	Coprodución de espectáculos de teatro e danza iberoamericanos	Entidades ou institucións públicas ou privadas, grupos e compañías profesionais de teatro e danza cuxas actividades contribúan a fornecer os plans de cooperación e integración de Iberescena.	

Vacuo

Centro Coreográfico Galego
 Edita: IGAEM
 Colección Bitácora, nº 1
 ISBN: 978-84-453-4558-0
 PVP: 8 €


Vacuo inicia unha liña editorial na que se recollen os bosquexos, as notas e a evolución do camiño que vai da xestación até a presentación final das producións do Centro Coreográfico Galego.



Canto asteca para voz e piano

João Trillo
 Edita: Dos Acordes
 ISMN: M-801231-34-5
 PVP: 10 €


Sobre unha fermosa letra asteca, o compositor João Trillo realiza esta obra para voz e piano. Dotada de doses de gran lirismo, a súa dificultade vese recompensada pola calidade da obra e a rareza de atopala no repertorio.



Sede de beleza... Obras para coro

João Trillo
 Edita: Dos Acordes
 ISMN: M-801231-38-3
 PVP: 15 €

Trátase da integral de obras para coro do compositor João Trillo, tributo a toda unha vida de dedicación á música. Esta publicación resulta fundamental á hora de obter unha perspectiva completa da composición galega contemporánea.



Valdemuller. Caderno pedagógico

Ánxela Gracián (Gáliz)
 Edita: IGAEM
 Edición electrónica en www.centrodramatico.org

Publicación dirixida ao traballo de profesores e alumnos tanto antes como despois de asistir á representación desta produción do CDG, un espectáculo de teatro de obxectos dirixido polo arxentino Pablo Vergne segundo unha creación colectiva realizada a partir da novela de Xosé A. Neira Cruz.



Rexistro de datos XANEIRO/DECEMBRO 2007

IGAEM

CDG	Producións con distribución pechada (*)
	<i>O regreso ao deserto</i>
	<i>A piragua</i>
	<i>Tarárá Chis Pum</i>

Producións con distribución en curso				
CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIONS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
Compostela	<i>Noite de Reis</i>	17	189,7	854,54 €
Ourense	<i>Noite de Reis</i>	4	224	1.049,25 €
Carballo	<i>Noite de Reis</i>	1	319	1.571,00 €
O Barco	<i>Noite de Reis</i>	2	241,5	570,00 €
Ferrol	<i>Noite de Reis</i>	4	162,75	848,00 €
Vilagarcía	<i>Noite de Reis</i>	2	481,5	1.104,00 €
Tui	<i>Noite de Reis</i>	1	428	1.801,00 €
Vigo	<i>Noite de Reis</i>	2	329,5	2.334,35 €
Ribadeo	<i>Noite de Reis</i>	1	250	0,00 €
Pontevedra	<i>Noite de Reis</i>	2	510	1.494,00 €

CCG	Produción con distribución pechada (*)
	<i>Vacuo</i>

COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	Nº FUNC	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
CCG	<i>Vacuo</i>	4	211,5	1.063,50 €
Círcolando	<i>Quarto Interior</i>	2	94	380,50 €
Rui Horta	<i>Bones & Oceans</i>	2	37,5	155,50 €
Marta Carrasco	<i>J'arrive..</i>	2	78	331,00 €
Ur Teatro	<i>El chico de la última fila</i>	2	104	417,00 €
Alleretour	<i>Ellas</i>	2	33,5	219,00 €
Teatre Lliure	<i>Last Chance</i>	2	88	419,50 €
Pedro Coello	<i>Fragments</i>	1	30	231,00 €
La Zaranda	<i>Los que rien...</i>	2	59	323,00 €
Manuel Rodeiro	<i>Fende-lo son</i>	1	81	195,00 €
T. de Ningures	<i>Emigrados</i>	2	230,5	563,00 €
Drumming	<i>Un tributo a F. Zappa</i>	1	135	690,00 €
Rayo Malayo	<i>Los olvidados</i>	1	30	179,00 €
Lagarta Lagarta	<i>As últimas lúas</i>	2	83,5	268,00 €
CDG	<i>Tarárá Chis Pum</i>	19	184,74	487,42 €
CDG	<i>A Piragua</i>	23	108,61	278,52 €
Experimenta Danza + CCG	<i>Arte a escea</i>	2	125	233,00 €
SinSal	<i>A Hawk and a Hacksaw & The Hun...</i>	1	78	606,00 €
Pisando Ovos + CCG	<i>30.000</i>	2	173,5	170,50 €
SinSal	<i>Hanne Hukkelberg</i>	1	127	778,00 €
Matarile	<i>Truenos y misterios</i>	2	70,5	168,00 €
Pista Catro + CDG	<i>Kamikaze</i>	4	228,75	583,00 €
Sin Sal	<i>Tunng</i>	1	111	747,00 €
CDG	<i>Noite de Reis</i>	17	189,7	854,54 €
Berrobambán	<i>Boas noites</i>	1	257	244 €
T. do Atlántico	<i>A bombilla máxica</i>	2	112	603 €
Ancora Produccións	<i>Medidas preventivas</i>	2	32,5	139 €
Cía. Enrique Díaz	<i>Seagull Play</i>	2	44	176 €
Cía. Paulo Ribeiro	<i>Malgré nous, nous étions là</i>	2	51,5	270 €
Apriori Producciones	<i>Casi Romeo y Julieta</i>	1	167	708 €
Cía. Musical Teatral	<i>Andakibebé</i>	1	173	528 €
Galitoo	<i>Golulá</i>	1	224	894 €
Sapristi	<i>Ao son das cousas</i>	1	190	936 €

TOTAL ACUMULADOS IGAEM 2007

	FUNCIONS	PÚBLICO	Ocupación	FACTURADO
Salón Teatro	113	16.096	52,28%	55.321,00 €
<i>O regreso ao deserto</i> (CDG)	4	625	35,84%	2.930,80 €
<i>Tarárá Chis Pum</i> (CDG)	46	10.267	61,91%	20.245,64 €
<i>A Piragua</i> (CDG)	37	4.729	35,61%	12.531,00 €
<i>Vacuo</i> (CCG)	30	6.500	48,12%	26.617,85 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	36	9.360	61,46%	37.675,70 €

(*) Desglose en anteriores números de e-scena

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

COMPAÑÍAS

COMPAÑÍA	Nº FUNCIONS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
10&10 Danza	1	40	89,50 €
A Factoría Teatro	9	135	686,98 €
A Internacional	3	58,33	51,25 €
Albions Teatro	2	67	244,75 €
Ana Docampo e Juan Enrique Miguéns, Soprano e Guitarra	1	53	78,00 €
Ancora Produccións	16	93,25	399,58 €
Arela das Artes	4	114,5	264,62 €
Artello Teatro Alla Scala 1:5	5	56	96,80 €
Avance Producciones Teatrales S.L.	4	225	1.895,85 €
B Studio	2	62	228,60 €
Bacana	4	100	427,38 €
Berrobambán Teatro	15	199,34	546,17 €
Capriccio Vocale	1	23	65,00 €
Caramuxo Teatro S.C.	7	87	145,84 €
Carlos Borsani y El Gad	12	158,92	513,42 €
Chelicia, Grupo de Violonchelos	1	34	68,00 €
Chrystyan Magic	2	261,5	460,75 €
Cía. Mar Gómez	1	50	0,00 €
Cía. Galega de Danza			
Contemporánea-Ballet Jesús Quiroga	3	249,33	671,07 €
Codetta, Orquesta de Cámara	2	132,5	223,50 €
Colectivo Danzón	1	49	34,00 €
Compañía do Chapitô	3	59,67	180,17 €
Compañía do Trinke Trinke	2	147,5	277,63 €
Compañía Marta Carrasco	2	299,5	844,70 €
Cuarteto de Corda da Orquesta Solistas de Galicia	1	14	35,00 €
Cyrille Sinclair de Magia a la Carta	2	183	245,50 €
Daní García	2	82	193,00 €
Decameron e Cía.	1	71	177,50 €
Disque Danza	4	70	114,00 €
Dúo Ad Rem	1	15	17,50 €
Dúo Antón de Santiago-Alexis Díez	3	46,33	91,83 €
Dúo Instrumental Dirección	1	4	10,00 €
Entremans (antes Inquedanza)	3	125,67	474,83 €
Erre Que Erre	3	53,33	91,33 €
Espello Cóncavo	11	83,45	357,44 €
Experimenta Danza	1	79	96,00 €
Fulano, Mengano e Citano	24	145,13	498,25 €
Galitoo	7	198,29	388,25 €
Grupo de Música Antiga 1500	2	39,5	72,50 €
Grupo de Música Antiga Martín Codax	3	35,67	112,67 €
Hojarasca Danza	1	69	152,00 €
Intermission Dúo de Percusión	3	53,33	44,67 €
Javier Martín	2	45	142,00 €
Julia Cea e Mondello Quartet	1	59	29,00 €
Karlík Danza-Prod. Javier Leoni	4	132,75	234,81 €
La Canica	5	262,8	645,50 €
La Imagina Machina	13	108,84	185,00 €
Lagarta Lagarta	33	118,21	413,12 €
Ludus Tonais	1	8	16,00 €
Luis Boyano	2	84,5	143,70 €
Mago Benxamin	2	99,5	126,50 €
Mago Calí	1	271	325,20 €
Mago Kiko	1	82	157,50 €
Mago Marttyn	1	80	154,00 €
Mago Richard	4	124,5	248,13 €
Malasombra	4	80,5	315,69 €
Marco González Tango Argentino	1	118	340,00 €
Marco Vargas y Chloé Brulé	1	92	732,00 €
Markeliñe	4	324,75	124,75 €
Máscara Produccións	8	101	293,44 €
Matarile Teatro	2	28,5	153,80 €
Migallas Teatro	10	122,5	203,26 €

COMPAÑÍAS

Mimo-Mago Anyo	3	154	243,33 €
Mofa e Befa	15	145,73	471,07 €
Nova Galega de Danza	2	91	295,00 €
Nove Dous	21	70,52	207,02 €
Nut Teatro	12	139,58	281,02 €
O Mago Teto	2	132	253,25 €
Omar Percusión	1	47	31,00 €
Orquesta de Cámara Solistas de Galicia	3	143	272,33 €
Os Colomabaños	9	164,22	125,89 €
Os Monicreques de Kukus	2	166	472,50 €
Os Quinquilláns	8	148,75	322,44 €
Os Sete Magníficos Máis Un	4	109,75	268,38 €
Os Tirinautas	3	139	335,17 €
Pablo Nojes y Páprika Teatro	3	117,67	253,50 €
Pisando Ovos	6	101,17	319,60 €
Quinteto de Vento Metal Santa Cecilia	3	54,67	65,33 €
Quinteto de Vento Pentafonía	4	24,5	55,88 €
Quinteto Santa Cecilia	1	12	60,00 €
Sala Yago	5	115	194,04 €
San&San	5	83	171,30 €
Sapristi	9	124,23	113,14 €
Sarabela Teatro	38	126,24	473,68 €
Skené Teatro	5	184,2	524,30 €
Susana de Lorenzo	1	22	110,00 €
Talia Teatro	20	101,95	206,83 €
Tanttaka Teatroat	5	157,8	857,92 €
Tanxarina Títeres	5	202,4	314,05 €
Teatre Arca	10	92	349,66 €
Teatro de Adro	10	96,5	267,23 €
Teatro de la Luna	6	159,83	314,17 €
Teatro de Ningures	24	112,88	358,02 €
Teatro del Andamio	7	70,71	100,07 €
Teatro do Atlántico	31	111,26	487,82 €
Teatro do Lilo	4	105,5	232,25 €
Teatro do Morcego	23	139,22	544,77 €
Teatro do Noroeste	21	128,57	690,26 €
Teatro dos Tirinautas	1	119	364,00 €
Teatro Español de Madrid	6	157,17	417,83 €
Teatro Galileo	16	93,69	276,56 €
Teatro Meridional	2	144,5	516,38 €
Títeres Cachirulo	13	208,15	423,54 €
Títeres en Acción	5	118,6	277,70 €
Títeres Falcatrúa	3	104	87,08 €
Títeres Tropicallo	14	144,07	367,52 €
Titzina Teatre	4	69	297,25 €
Trasposos	2	157,5	1.157,40 €
Trio Musical Intermezzo	1	28	
Ur Teatro	2	172,5	831,90 €
Viravolta Títeres	4	106	146,88 €
Vocalise	5	67,6	115,40 €
Yllana Teatro	3	430,33	1.869,67 €

CONCELLOS/ENTIDADES

ENTIDADE/CONCELLO	Nº FUNCIONS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
A Coruña	32	168,49	872,15 €
A Estrada	10	87,3	293,10 €
Ames	24	65,04	124,86 €
Arteixo	14	162,43	280,25 €
As Pontes de García Rodríguez	13	110,23	200,11 €
Betanzos	10	122	336,80 €
Boiro	16	119,5	151,94 €
Burela	14	153	356,39 €
Cambados	8	108,25	158,07 €
Cangas de Morrazo	19	203,05	520,58 €
Carballo	14	135,36	436,06 €
Cariño	7	32	52,14 €
Cedeira	7	70,86	79,14 €
Cee	10	60,5	143,20 €



CONCELLOS/ENTIDADES

Culleredo	9	46,78	87,97 €
Ferrol	19	149,74	278,26 €
Foz	14	103	123,18 €
Gondomar	10	131,1	302,98 €
Lalín	10	141,7	159,30 €
Lugo	12	137,09	478,09 €
Monforte de Lemos	13	120,77	248,16 €
Muros	16	78,63	146,00 €
Narón	27	162,3	707,28 €
Noia	8	62,88	128,06 €
O Barco de Valdeorras	21	90,05	322,81 €
O Carballiño	11	91,18	335,09 €
Oleiros	8	161,75	545,62 €
Ortigueira	12	26	48,67 €
Ourense (Teatro Principal)	23	145,91	810,05 €
Ourense (Auditorio)	22	98,05	215,59 €
Ponteareas	14	167,15	434,29 €
Pontevedra	16	150,12	526,97 €
Redondela	10	185,7	541,20 €
Ribadavia	6	121,17	227,50 €
Ribadeo	30	96,43	299,30 €
Sada	19	105,21	75,95 €
San Sadurniño	11	58,64	116,46 €
Santiago	36	111,42	409,77 €
Sanxenxo	10	89,2	242,35 €
Tui	18	226,67	530,45 €
Vigo (Auditorio)	20	167,05	437,30 €
Vigo (Caixanova)	17	274	1.437,53 €
Vilagarcía de Arousa	25	54,44	115,70 €
Vilalba	9	65	183,67 €
Vilanova de Arousa	4	57	0,00 €
Viveiro	10	123,2	345,30 €

TOTAIS RGTA	2006	2007
Funcións	602	688
Público	95.573	84.821
Ocupación	39,82%	33,39%
Facturado	207.800,00 €	253.985,31 €

REDE GALEGA DE SALAS

SALA	Nº FUNCIONS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
A Coruña (Teatro del Andamio)	32	35,12	114,34 €
Santiago (Sala Nasa)	26	39,77	206,38 €
Santiago (Sala Yago)	28	45	221,52 €
Vigo (Teatro Arte Livre)	27	10,11	87,41 €
Vigo (Teatro Ensalle)	28	21,46	155,09 €

TOTAIS REDE GALEGA DE SALAS			2007
Funcións	Público	Ocupación	Facturación
124	4.292	38,01%	21.930,00 €

MÚSICA AO VIVO

GRUPO	CONCERTOS	ESPECT/CONCERTO	FACT/CONCERTO
6pm	10	52,3	119,00 €
A Compañía do Ruído	12	83,92	241,92 €
A Matraca Perversa	13	39,69	111,85 €
Aguardiente Swing Quartet	15	41	145,87 €
Anacos de Buxo	7	28,86	46,14 €
Anger	6	43,17	51,33 €
Ataque Escampe	9	42,22	88,94 €
Blue Rain	14	36,07	55,29 €
Bukowski Blues Trío	15	36,93	72,13 €
Coda	14	36,36	79,22 €
Color Café	13	37,85	82,69 €
Cornelius	15	71,13	230,93 €
Détour	14	29,93	71,29 €
Diego Freire	7	27,57	52,00 €
Diego Massimini	13	24,38	40,00 €
Dios Ke Te Crew	12	89,33	276,92 €
Dr. Funkstein	14	45,36	80,43 €
Dreams Of Dolly Sheep	11	34,1	71,09 €
Ectoplasma	11	64,54	206,54 €
El Pablo Ese	10	39,6	53,95 €
Ergom	12	57,83	101,50 €
Esenia	8	37,25	82,25 €
Fabulosos Cubatas de...	12	71,83	128,67 €
Faltrigueira	10	86,4	387,70 €
Grasa	14	49,43	96,07 €
Guezos	9	65	106,00 €
Hot Kawa Club	14	31,36	57,07 €
Jaso&boo Jazz Performance	15	30,54	47,53 €
Jato Neiro Jazz Trio	12	27,16	48,50 €
Los Cruces	6	44,17	74,50 €
Los Iribarnes	8	63,88	194,38 €
Lume	8	52,63	80,13 €
Marcos Pin Trio	13	30,61	111,77 €
Miguel Costas y La Banda Turca	8	84,62	194,07 €
Mk Nónimo	8	28,5	41,19 €
Moon Cresta	15	45,33	155,86 €
Motor Perkins	4	54,5	79,00 €
Mr. Dixie Jazz Band	15	49,33	164,80 €
Nadadora	11	77,82	295,82 €
Narf	9	33,78	94,89 €
Niño y Pistola	12	54,58	206,67 €
O Leo I Arremecághona!	12	33,67	62,00 €
Ocean's Garden	8	46,88	117,88 €
Os Trasnós de Moscoso	14	28,64	44,07 €
Pablo Bicho Quinteto	15	40,6	103,87 €
Pepe Vaamonde Grupo	10	59,6	190,10 €
Phantom Club	14	54,14	109,14 €
Quempallou	10	75,9	272,15 €
Querido Salvaje	9	31,56	64,67 €
Ragdog	7	58,29	135,57 €
Renato Spencer & Café Caxaga	15	45,86	90,60 €
Roberto Somoza	14	33,5	119,21 €
Robín de los Estercoleros	14	42,08	136,72 €
Ruxe-Ruxe	14	63,65	187,78 €
Safari Orquestra	6	48,17	100,50 €
Sax Machine	14	34,93	69,65 €
Sevigny	9	30	56,11 €
Snail	10	38,3	51,20 €
Soak	12	64,08	241,42 €
Sugar Mountain	15	55,73	172,73 €
Tango Project	13	37,08	56,46 €
Telemaco	6	44,83	100,00 €

GRUPOS

GRUPOS

The Sweat!	13	38,23	51,08 €
The Turre's Band	12	52,75	108,67 €
Thunn!	11	38,55	155,54 €
Toques do Caramulo	8	45,25	87,75 €
Trifulka	8	30,13	40,75 €
Victor Aneiros Band	12	47,83	152,92 €
Xoán Curiel	15	31,67	38,10 €
Zenar	10	58	186,40 €
Zumbido	10	32,1	69,50 €

SALAS

SALA	CONCERTOS	ESPECT/CONCERTO	FACT/CONCERTO
A Fragua (REDONDELA)	20	29,45	64,55 €
Ache (MARIN)	14	54,57	228,86 €
Aturuxo (BUEU)	29	69,17	298,10 €
Auriense Café Cultural (OURENSE)	22	31,91	66,23 €
Babel (LUGO)	7	39,86	108,71 €
Badulake (ORDES)	10	34,2	24,60 €
Bar Liceum (O PORRIÑO)	19	61,63	142,48 €
Baranda (O BARCO DE VALDEORRAS)	21	78,33	166,91 €
Barriga Verde (LALÍN)	2	19	38,00 €
Borriquito de Belén (SANTIAGO)	14	49,64	68,28 €
Café Concerto Antano (ORDES)	12	52,5	90,50 €
Café Teatro Xesteira (OURENSE)	24	63,83	164,56 €
Café-Cultural Roi Xordo (ALLARIZ)	19	38,11	110,42 €
Casa das Crechas, S.L. (SANTIAGO)	10	43,6	89,00 €
Catro Camiños (A RÚA)	7	43,14	102,00 €
Clandestino (NIGRÁN)	14	39,36	122,14 €
Clavicembalo (LUGO)	51	32,96	94,79 €
Contrabaja (VIGO)	17	35,41	69,35 €
Disco-Sala Ogmios (CARIÑO)	7	23,14	70,29 €
El Ensanche (VIGO)	18	31,95	93,33 €
Fardela (VILALBA)	7	42,14	146,57 €
Forum Celticum (CULLEREDO)	7	132,72	209,28 €
Garufa (A CORUÑA)	14	31,71	107,07 €
Jazz Filloa (A CORUÑA)	10	33,7	127,50 €
Jazz Vides (A CORUÑA)	23	29	113,65 €
La Casa de Arriba (VIGO)	17	15,53	47,00 €
La Fábrica de Chocolate Club (VIGO)	33	53,78	185,00 €
Manteca Jazz (VIGO)	13	58,15	205,23 €
Marrucho (BAIONA)	16	40,81	119,66 €
Micos (CARIÑO)	6	34,33	36,00 €
Náutico (O GROVE)	16	38,31	82,13 €
O Con do Moucho (A ILA DE AROUSA)	13	64,31	88,69 €
Planeta (SARRIA)	13	74,69	200,84 €
Pub D'Antón Rock Café (A LARACHA)	35	36,8	65,51 €
Pub Gatos (MELIDE)	33	46,09	85,97 €
Pub Kilé (ORDES)	10	56,4	114,20 €
Remache (VIGO)	4	35	99,25 €
Sala 600 (MELIDE)	11	56	117,00 €
Sala Clan (XINZO DE LIMIA)	11	62,27	169,55 €
Sala Dazine (SAN SADURNIÑO)	20	77,65	156,95 €
Sala Karma (PONTEVEDRA)	22	31,59	116,68 €
Sala Mogay (CHANTADA)	14	44,5	130,64 €
Sala Son (CANGAS)	14	38,29	101,43 €
Salón Parroquial (PONTEAREAS)	23	66,82	90,26 €
Vagalume Café Concerto (SALVATERRA)	15	58	131,33 €
Verbum Jazz (VIGO)	13	30,85	63,23 €
Verbum Náutico (VIGO)	8	33,38	58,25 €
Woodstock (SANXENXO)	20	23,8	67,55 €
Zona Zero (CALDAS DE REIS)	20	54,9	129,00 €

TOTAIS REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO	2007
FUNCIONS	798
PÚBLICO	37.042
OCUPACIÓN	35,92%
FACTURADO	94.181 €

